



## Acta da Xunta de Escola ordinaria do 14 de xullo de 2015

### Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 14/07/2015.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 14/07/2015.
- III. Informe FAVORABLE da ACSUG ao Plan de Viabilidade do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
- IV. Intervencións no Acto Gradación do 10 de xullo de 2015.
- V. Calendarios modificados das titulacións impartidas na E.T.S. de Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016.
- VI. Exames modificados para as titulacións impartidas na E.T.S. de Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016.
- VII. Guías docentes do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos para o curso 2015-2016.
- VIII. Guías docentes do Grao de Enxeñaría da Enerxía para o curso 2015-2016.
- IX. Guías docentes do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016.
- X. Guías docentes do Máster en Xeoinformática para o curso 2015-2016.
- XI. Informe do Plan de Acción Titorial do curso 2014-2015
- XII. Plan de Acción Titorial do curso 2015-2016.
- XIII. Proposta inicial de Procedemento para o seguimento das obrigas docentes.
- XIV. Reparto da partida de dotación de laboratorios docentes.
- XV. Documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 10 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrió, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 30 de xuño de 2015.**

Na páxina web do centro estaba xa publicada pendente de aprobación.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o 30 de xuño de 2015.

Unha vez aprobada será posta definitivamente nas seccións de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro, por exemplo, na sección en galego:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=394,0,0,1,0,0>



## 2. Informe do Director.

O Director informa:

- Con data 8 de xullo foi ingresada na ETSEM o importe pendente da Semana da Ciencia 2013 (2.975,21 €), cando a mesma fora financiada pola Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía- Ministerio de Economía e Competitividade.
- A Delegación de Alumnado actualizou a información de solicitude de taquillas para o curso 2015-2016 empregando un formulario en liña:

<https://docs.google.com/forms/d/1YMQjxKbreBxMlgXEWHPz9OP1wrpvHWdggHrzK5W0IOA/viewform>

pódese ver a información actualizada no apartado DESTACADO NA ETSEM da páxina web do centro:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=67>

A Dirección agradece o traballo realizado.

- Os bolseiros do centro (Marcos González, Diego Faro, Jaime García e Rosalía Carrillo) fixeron unha revisión da nova versión da web do centro ([etseminas.uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es)) en diversos navegadores. Así mesmo publicáronse diversas novidades en diversos apartados: no de Igualdade pode atoparse a presentación do Protocolo Marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=668>

reprogramouse o apartado de promoción pasaporteconfuturo para que sexa visible en tablets e móbiles:

<http://etseminas.uvigo.es/pasaporteconfuturo/>

no dominio orixinal

<http://www.pasaporteconfuturo.com/>

alóxanse agora os antigos contidos só visibles totalmente si se accede ao espazo web cun PC.

Tamén na zona de descarga de documentos creouse un novo apartado que contén información sobre os libros que edita a ETSEM:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?libros-1>



Publicouse no apartado de gastos da nosa web a Execución do Presuposto do segundo trimestre de 2015.

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?aid=689>

Tamén o Regulamento do uso do galego editado pola ANL da UVIGO que pode descargarse no apartado de descarga libre da web do centro (OUTROS DOCUMENTOS)

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?aid=53>

Finalmente, no apartado de PROFESORADO está agora visible o CURRICULUM VITAE dispoñible do persoal docente do centro en versión galego e castelán. O profesorado interesado pode enviar se o desexa a [xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es) unha versión do mesmo en inglés para que sexa incluído ou calquera modificación que considere oportuna. O profesorado de nova incorporación pode enviar xunto co seu CV os datos xerais a [xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es) seguindo o modelo da propia páxina:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?profesores>

- Recibiuse o informe FAVORABLE da ACSUG ao Plan de Viabilidade do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (Anexo III). Este informe foi entregado en man á Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado nunha reunión na Secretaría Xeral de Universidades, sendo todos os informes de viabilidade dos Graos da Universidade de Vigo informados favorablemente. Aínda falta o informe do Consello Galego de Universidades. No informe, indícanse os puntos fortes do grao así como as áreas para a mellora. Tal como establece o artigo 14 Decreto 222/2011, farase un seguimento anual do cumprimento do plan de viabilidade. En concreto, revisaranse as ditas área para a mellora. Dito informe pode descargarse no apartado GRAO ERME da nosa web:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=346>

- Enviouse a Resolución Reitoral, de 08/07/2015, pola que se autoriza a redución do importe da matrícula do TFG no curso 2015/16, para quen o teña informado favorablemente, solicitada a defensa e depositado no curso 2014/15.
- Enviouse Nota Informativa sobre a Normativa de permanencia para o curso 2015/16, onde se indica a intención da Reitoría de facer unha interpretación extensiva na aplicación do artigo 4.7. no vindeiro curso académico 2015/2016, e atender todas as solicitudes presentadas ao abeiro de dito artigo que di “Cando a aplicación desta normativa impida a continuación dos estudos, con carácter extraordinario o reitor ou reitora poderá autorizar a continuidade nos estudos, a petición da persoa afectada, sempre que se dean causas de forza maior, suficientemente acreditadas, que afectasen ao seu rendemento académico.”



- Recibidas varias consultas sobre o emprego do uso do galego para a elaboración das guías docentes recórdase que estas deben estar nese idioma galego en cumprimento co establecido:

a) no Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo (Art. 4.1.O galego é a lingua propia da Universidade de Vigo. Art. 4.2. A Universidade de Vigo promoverá, de acordo coas súas competencias, liñas de actuación que garantan o uso pleno da lingua galega en todas as súas actividades docentes, investigadoras, administrativas e de servizos);

b) na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (Art. 2.f. A promoción do galego, lingua oficial e propia de Galicia, e a súa coexistencia co castelán, tamén lingua oficial, e, se for o caso, con outras linguas de interese para a docencia e a investigación. Art. 89.1. O galego e o castelán son as linguas oficiais das universidades de Galicia. O uso das linguas oficiais nas actividades universitarias rexerese pola Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e polo que dispoñan as normas propias das universidades. Art.89.1. O galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua de uso normal nas actividades das universidades.) e

c) na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística (Art 4.1. O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma, Art. 6.1. Os cidadáns teñen dereito ó uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma. Art. 6.3. Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns. Art. 15.2. O Goberno Galego e as autoridades universitarias arbitrarán as medidas oportunas para facer normal o uso do galego no ensino universitario).

Recórdase que a Universidade de Vigo conta con varios servizos (por exemplo, ANL ou o tradutor en liña) que facilitan de ser o caso o emprego do galego. A edición das guías en castelán facilita, entre outras cousas, ao alumnado do centro a posible utilización das mesmas fora da comunidade autónoma.

- Desde os Servizos Informáticos do Ámbito Tecnolóxico coordinados polo Técnico Informático José Luis Ríos Beis e o Subdirector David Patiño realizáronse as seguintes actuacións: superación con éxito a fase da avaliación da nube privada [nimbus.uvigo.es](http://nimbus.uvigo.es) administrada internamente; creación de novas contas para utilización nos laboratorios de informática como alternativa ás carpetas compartidas, o curso que ven poderá utilizarse se o profesorado o precisa; realización de diversas xestións, bases de datos e backups ocasionadas polas caídas do servidor de webs.uvigo; realización de diversas probas de adaptación, avaliación e consolidación do sistema rexistro de docencia; modificación do



sistema de horarios e ocupación de aulas e laboratorios; avaliación e probas de sistemas de proxección actuais e alternativos: proxectores 5000 lumens, hd, pantallas led, e walltv; proposta de ampliación a 22 postos e estudo de custes para a reforma e adecuación eléctrica e de datos da Aula 0; estudo de instalación de puntos de acceso WIFI alternativos en zonas de docencia; realizouse o cambio de puntos de acceso WiFi (20) e simultaneamente o switches (3) os que van conectados, aumentando a velocidade de 100 a 1000; actualizáronse os discos duros dos tablets de aulas con discos SSD, para reducir consumo e aumentar prestacións e fiabilidade; mantivéronse reunións con empresas de informática para contratar nun futuro o soporte para a adecuación do sistema de virtualización; verificouse con Supermicro a imposibilidade de instalación de tarxetas gráficas virtualizables GRID k1 e k2; xestionouse a baixa/alta bolseiros; e púxose en marcha en [siatec.webs.uvigo.es](http://siatec.webs.uvigo.es) novos formularios relacionados co servizo.

- O venres 10 de xullo celebrouse o Acto de Gradación da ETSE de Minas no Auditorio da Sede AFundación de Vigo. Contamos coa presenza na mesa presidencial do Vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, Don Manuel José Fernández Iglesias, do Presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, Don Juan de Dios Martín Aparicio, da Delegada da Xunta de Galicia en Vigo, Dona M<sup>a</sup> José Bravo Bosch e do Alcalde do Concello de Vigo, Don Abel Caballero Álvarez. A Lección Maxistral foi impartida por Dona María Justo Alonso do SINTEF Building and Infrastructure, Architecture and Technology, Energy and Environment. Norway e interviñeron os profesores Don Eduardo Liz Marzán, padriño da II Promoción do Grao en Enxeñaría da Enerxía, e Don José Enrique Martín Suárez, padriño da II Promoción do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos xunto con Dona Fátima González Fernández e Don Roberto Agromayor Otero, en representación do alumnado do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao en Enxeñaría da Enerxía. As intervencións dispoñibles axúntanse a presente acta no Anexo IV. O acto foi gravado pola UVigo TV e cuberto polo Gabinete de Prensa da UVigo. O éxito do evento débese esencialmente á Subdirectora María Araújo, responsable da organización e coordinación do mesmo, que contou co apoio da Xefa do Negociado, M<sup>a</sup> Carmen Romo Pérez, dos bolseiros da ETSEM, (Rosalía Carrillo, Jaime García, Marcos González, Diego Faro) e dos representantes dos graos (Noela Rama Fernández e André Bernal García). A Dirección agradece o traballo realizado. No apartado GRADACIÓN 2015 figurará o rexistro de dito evento: galería fotográfica, programa, intervencións, vídeos UVigoTV, noticia DUVI, ...

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=817>

Este informe, previamente á publicación da acta na web do centro, será enviado logo desta Xunta de Escola a todo o profesorado con docencia no centro, así como ao resto dos membros de Xunta de Escola, pregándose a súa difusión entre os contactos potencialmente interesados.



### **3. Modificación, se procede, dos calendarios das titulacións impartidas na E.T.S. de Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016.**

A recente publicación do calendario de festivos da Xunta de Galicia fai necesario introducir nos calendarios aprobados pola anterior Xunta de Escola o 24 de xuño como festivo. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar os calendarios das titulacións impartidas na da E.T.S. de Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016 que figuran no Anexo V da presente acta.

### **4. Aprobación, se procede, da modificación do calendario de exames para as titulacións impartidas na E.T.S. de Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016.**

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar a modificación do calendario de exames para as titulacións impartidas na da E.T.S. de Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016, que figuran no Anexo VI da presente acta, consistente no desprazamento dos exames do 24 de xuño (festivo) ao 14 de xuño.

### **5. Aprobación, se procede, das guías docentes do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos para o curso 2015-2016.**

Enviáronse por correo electrónico as Guías docentes básicas do Grao Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos para o curso 2015-2016. O proceso foi coordinado/supervisado pola profesora Carmen Pérez Pérez e, unha vez publicadas, foron revisadas polos bolseiros da ETSEM (Rosalía Carrillo, Jaime García, Marcos González, Diego Faro). Fixéronse cambios menores relacionados cos erros detectados e borrado de código html introducido pola aplicación. A Dirección agradece o traballo realizado. As guías foron aprobadas previamente pola Comisión de Calidade do centro.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar ditas guías.

Nos apartados correspondentes da web do centro están visibles as guías docentes dos graos cos enlaces a DOCNET. Tamén poden consultarse os programas da titulación de Enxeñaría de Minas a extinguir en formato pdf. Véxase Anexo VII da presente acta.

### **6. Aprobación, se procede, das guías docentes do Grao de Enxeñaría da Enerxía para o curso 2015-2016.**

Enviáronse por correo electrónico as Guías docentes básicas do Grao Enxeñaría da Enerxía para o curso 2015-2016. O proceso foi coordinado/supervisado polo profesor David Patiño Vilas e, unha vez publicadas, foron revisadas por os bolseiros da ETSEM (Rosalía Carrillo, Jaime García, Marcos González, Diego Faro). Fixéronse cambios menores relacionados cos erros detectados e borrado de código html introducido pola aplicación. A Dirección agradece o traballo realizado. As guías foron aprobadas previamente pola Comisión de Calidade do centro.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobalas. Nos apartados correspondentes da web do centro están visibles as guías docentes dos graos cos enlaces a DOCNET. Véxase Anexo VIII da presente acta.



## **7. Aprobación, se procede, das guías docentes do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016.**

Enviáronse por correo electrónico as Guías docentes básicas do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016. O proceso foi coordinado/supervisado pola profesora Elena Alonso Prieto. A Dirección agradece o traballo realizado. As guías foron aprobadas previamente pola Comisión Académica do Máster. As guías foron aprobadas previamente pola Comisión de Calidade do centro.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar ditas guías. Nos apartados correspondentes da web do centro están visibles as guías docentes do máster cos enlaces a DOCNET. Véxase Anexo IX da presente acta.

## **8. Aprobación, se procede, das guías docentes do Máster en Xeoinformática para o curso 2015-2016.**

Enviáronse por correo electrónico as Guías docentes básicas do Máster en Xeoinformática para o curso 2015-2016. O proceso foi coordinado/supervisado polo profesor Higinio González Jorge. A Dirección agradece o traballo realizado. As guías foron aprobadas previamente pola Comisión Académica do Máster. As guías foron aprobadas previamente pola Comisión de Calidade do centro.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar ditas guías. Véxase Anexo X da presente acta.

## **9. Aprobación, se procede, do informe do Plan de Acción Titorial do curso 2014-2015.**

O Plan de Acción Titorial é unha peza chave e imprescindible do noso SGIC, como deixou claro a Comisión Auditora no proceso de certificación FIDES-AUDIT. Enviouse por correo electrónico o informe do Plan de Acción Titorial do curso 2014-2015. O proceso foi coordinado/supervisado pola profesora/ Coordinadora do PAT Ángeles Saavedra. Previamente foi aprobado na Comisión de Calidade do centro. Nela decidiuse enviar ao profesorado responsable desde a Dirección os comentarios máis salientables recollidos polos tutores/mentores nas súas reunións periódicas.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar o informe do Plan de Acción Titorial do curso 2014-2015. A Dirección agradece o traballo realizado pola Coordinadora do PAT e os tutores/mentores. Achégase o informe aprobado como Anexo XI a esta acta. Dito informe será colgado na correspondente apartado da páxina web do centro.

## **10. Aprobación, se procede, do Plan de Acción Titorial do curso 2015-2016.**

O Plan de Acción Titorial é unha peza chave e imprescindible do noso SGIC, como deixou claro a Comisión Auditora no proceso de certificación FIDES-AUDIT. Enviouse por correo electrónico o Plan de Acción Titorial do curso 2015-2016. O proceso foi coordinado/supervisado



pola profesora/ Coordinadora do PAT Ángeles Saavedra. Previamente foi aprobado na Comisión de Calidade do centro.

O documento esencialmente é o mesmo que o do curso 2014-2015 cunha actualización dos titores/mentores, a modificación das datas dalgunha das actividades propostas e a inclusión de actividades para 2º curso do Máster UEM.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar o Plan de Acción Titorial do curso 2015-2016. A Dirección agradece o traballo realizado pola Coordinadora do PAT e os titores/mentores. Achégase o plan aprobado como Anexo XII a esta acta. Dito informe será colgado na correspondente apartado da páxina web do centro.

### **11. Aprobación, se procede, do Procedemento para o seguimento das obrigas docentes.**

Logo da súa presentación, a Xunta de Escola acordou establecer un prazo para que as persoas interesadas envíen propostas e modificacións ao texto enviado (Anexo XIII) para que sexa de novo presentado para a súa aprobación, se procede, nunha vindeira Xunta de Escola.

### **12. Aprobación, se procede, da proposta de reparto do presuposto dos laboratorios docentes para o exercicio 2015.**

Como xa se comentou na Xunta de Escola anterior recibíuse no centro a comunicación da asignación do equipamento de laboratorios docentes para o ano 2015. Esa asignación pode ser empregada para adquisición de material docente inventariable e programas para os laboratorios de informática. O importe total da dotación é de 28285,74€ Nesa cantidade entendemos que o 20% ven directamente ao centro como axuda uniforme común aos centros da Universidade de Vigo e o 80% polo número específico de alumnado dos títulos adscritos á escola ponderados por un coeficiente que depende do contido práctico experimental dos estudos (de 1 a 12).

A Dirección fixo unha proposta de gasto, que ascende a 17993,8€ baseada nos criterios de reparto da Universidade de Vigo, nas necesidades da escola en conxunto e no gasto realizado polas Áreas nos anos 2013 e 2014, que foi enviada previamente á Xunta de Escola e aprobada por a Comisión de Calidade do centro.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o reparto desta partida para a dotación de laboratorios. Achégase como Anexo XIV a esta acta o reparto aprobado.

### **13. Aprobación, se procede, do informe de actividade docente de Dona María Inmaculada Fenollera Bolibar.**

A profesora Dona María Inmaculada Fenollera Bolibar solicitou informe da súa actividade docente durante o período 2008-2015. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, informar favorablemente a súa actividade docente neste centro durante dito período.





## 14. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

Na Comisión de Calidade da ETSE de Minas previa a esta Xunta de Escola aprobouse a seguinte documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas:

- R1 DO0202 Informe Anual Plan de Promoción Centro 14-15 (CGC 14-07-15)
- R1 DO0301 Plan de Información Pública Centro (CGC 14-07-2015)

A redacción dos anteriores documentos foi coordinada pola profesora Dona Natalia Caparrini Marín, para o R1 DO0202 contou coa axuda da Coordinadora de Difusión no centro, Marta Cabeza Simó. A Dirección agradece o traballo realizado. Respecto á documentación enviada engádesse as vaías publicitarias e anuncios en prensa ao R1 DO0202, e ao R1 DO0301 os enlaces na web do centro ao app, á exposición itinerante Recursos Naturais de Galicia, aos servizos informáticos do ámbito tecnolóxico e a iniciativa Adopta unha Árbore.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a antedita documentación que pode consultarse no Anexo XV desta acta.

## 15. Rogos e preguntas

O profesor Rubén Lopez-Cancelos solicita que a proposta do Procedemento para o seguimento das obrigas docentes sexa enviado aos coordinadores das materias con docencia na ETSEM.

Dito documento será, de feito, enviado a todas as listas da comunidade do centro para que aquelas persoas interesadas poidan enviar en prazo as súas suxestións e modificacións ao texto orixinal.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 55 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a catorce de xullo de dous mil quince.

Vº e Prace  
O Presidente

A Secretaria

José Benito Vázquez Dorrió

Natalia Caparrini Marín



## **ANEXO I**

### **Convocatoria de Xunta de Escola do 14/07/2015**



## ANEXO II

**Asistentes á Xunta de Escola do 14/07/2015**



## Asistentes Xunta de Escola ordinaria 14/07/2015

<b>PROFESORES</b>	
1.	Presidente: José Benito Vázquez Dorrío
2.	Secretaria: Natalia Caparrini Marín
3.	Araújo Fernández, María
4.	Cabeza Simó, Marta
5.	Eguía Oller, Pablo
6.	García Bastante, Fernando
7.	González Jorge, Higinio
8.	Liz Marzán, Eduardo
9.	López-Cancelos Ribadas, Rubén
10.	Mandado Vázquez, Alfonso
11.	Martín Suárez, José Enrique
12.	Morán González, Jorge
13.	Patiño Vilas, David
14.	Rivas Brea, Teresa
15.	Saavedra González, Ángeles
16.	Vijande López, Javier
<b>ALUMNOS</b>	
1.	Carrillo Pérez, Rosalía
2.	Faro Malvar, Diego
3.	Graña Molina, Rodrigo
<b>P.A.S.</b>	
1.	Romo Pérez, M <sup>a</sup> del Carmen

<b>Total membros Xunta de Escola :</b>	<b>47</b>
<b>Asistentes</b>	<b>20</b>

Disculpan a súa ausencia:

- Elena Alonso Prieto
- Lino José Álvarez Vázquez
- Eduardo Liz Marzán



### ANEXO III

## **Informe FAVORABLE da ACSUG ao Plan de Viabilidade do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.**



## ANEXO IV

### Intervencións no Acto Gradación do 10 de xullo de 2015.



## ANEXO V

### **Calendarios modificados das titulacións impartidas na E.T.S. de Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016.**



## ANEXO VI

**Exames modificados para as titulacións impartidas na E.T.S. de  
Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016.**





## ANEXO VII

### **Guías docentes do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos para o curso 2015-2016.**



## ANEXO VIII

### Guías docentes do Grao de Enxeñaría da Enerxía para o curso 2015-2016.



## ANEXO IX

### Guías docentes do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016.



## ANEXO X

**Guías docentes do Máster en Xeoinformática para o curso 2015-2016.**



## ANEXO XI

### Informe do Plan de Acción Titorial do curso 2014-2015



## ANEXO XII

### Plan de Acción Titorial do curso 2015-2016.



## **ANEXO XIII**

### **Proposta inicial de Procedemento para o seguimento das obrigas docentes.**



## ANEXO XIV

### Reparto da partida de dotación de laboratorios docentes.





## ANEXO XV

### Documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.